



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS CON MENORES TRANS (ARELAS) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS).

A Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que ten entre as súas competencias as de impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable

Por todo isto, á vista do establecido no artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais que dispón que *“os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero”*, tense previsto formalizar coa Asociación de Familias con Menores Trans (ARELAS), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

O convenio ten por obxecto avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.

O instrumento convencional que se pretende asinar vai permitir que a administración e o tecido asociativo traballen conxuntamente para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, así como fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade ás accións, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

Ademais, neste caso non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que na Comunidade Autónoma de Galicia só existen 4 entidades legalmente constituídas e con experiencia acreditada que desenvolven actuacións específicas dirixidas ao colectivo LGTBI, polo que se xustifica a non procedencia dunha convocatoria pública e a sinatura de convenios con cada unha destas entidades

O convenio de colaboración coa Asociación ARELAS, financiará con 3.000,00 € (tres mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313B.480.0 (código de proxecto 2016 00020) dos orzamentos da Secretaría Xeral da Igualdade para o ano 2016, os gastos correntes derivados da realización de unha ou varias das actividades que se recollen no texto.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas de lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2016

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

